



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

**Expediente número:** 210/2020

**Procedemento:** Contratación OBRA: “*Mellora da Mobilidade e a Seguranza Viaria nas Rúas do Castro e Infesta, Pontecesures*”, por procedemento aberto simplificado

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO E DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN UTILIZADO**

Emítase a presente memoria de conformidade co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

#### **1.- Introducción**

O Concello de Pontecesures ten programado acometer obras para mellorar a mobilidade e a seguranza viaria nas Rúas do Castro e Infesta de Pontecesures.

#### **2.- Necesidades administrativas a satisfacer**

As obras que se pretenden son necesarias para mellorar o deseño das infraestruturas viarias de dous Rúas por onde discorre o Camiño de Santiago, (Camiño Portugués) mellorando a súa habitabilidade, seguranza e unha correcta accesibilidade, tendo en conta que ditos trazados ten unha alta densidade peonil, dos veciños e peregrinos, ademais do tráfico rodado.

A actuación prevista consistirá na reurbanización de dous tramos de viais de titularidade municipal que actualmente contan cun pavimento asfáltico nun estado de conservación aceptable, pero impropio dunha vía do valor cultural que ten o Camiño de Santiago, prevéndose a substitución ou incorporación de novos elementos de mobiliario urbano e alumeadado, e renovación parcial de servizos de abastecemento e saneamento. Trátase, polo tanto, de obras de reforma e conservación do sistema viario local, sen modificacións ou incorporacións de novos usos, conxuntando o uso e o valor cultural e patrimonial dos mesmos.

#### **3.- Obxecto e cualificación do contrato**

O obxecto do contrato consiste na execución material das obras para mellorar como a súa denominación sinala a mobilidade e a seguridade de dúas rúas polas que transita o Camiño de Santiago (Camiño Portugués) descritas e definidas no correspondente Proxecto técnico de obra, redactado pola arquitecta Dona Natalia D<sup>a</sup> Natalia Lorenzo Mena, núm. de colexiada. 3728,

O contrato para licitar ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de conformidade co disposto nos artigos 13 e 25 da LCSP.



#### 4.- Duración

O prazo de execución das obras será, como máximo, de catro (4) meses.

#### 5.- Valor estimado

De conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato, (importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido), ascende á cantidade de 218.365,00 €.

O método de cálculo aplicado para calcular o valor estimado do contrato, téndose en conta para a súa estimación os prezos habituais no mercado no momento de iniciar o procedemento de licitación, correspóndese co seguinte detalle/desagregación:


Concepto	Contía (en euros)
Presuposto de execución material	183.500,00 €
Gastos Xerais (13%)	23.855,00 €
Beneficio Industrial (6%)	11.010,00 €
Importe (sen IVE)	218.365,00 €

#### 6.- Orzamento base de licitación

O presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto no artigo 100 en conexión co artigo 233.1.d) da LCSP, é o consignado no Proxecto técnico de obra, o cal ascende á cantidade total de 264.221,65 €, conforme á seguinte desagregación:

Concepto	Contía (en euros)
Presuposto de execución material	183.500,00 €
Gastos Xerais (13%)	23.855,00 €
Beneficio Industrial (6%)	11.010,00 €
IVE (21%)	45.856,65
Importe (con IVE)	264.221,65

Para a determinación do orzamento base de licitación tivéronse en conta os prezos habituais no mercado no momento de iniciar o procedemento de licitación, tal e como se recolle no orzamento de execución material do Proxecto técnico de obra.





## 7.- Características do Contrato

En suma, as características principais do contrato son as seguintes:

Tipo de contrato	Obras
Obxecto do contrato	Mellora da Mobilidade e a Seguranza Viaria nas Rúas do Castro e Infesta, Pontecesures
Código CPV	45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas
Valor estimado do contrato (sen IVE)	218.365,00€
Presuposto base de licitación (IVE -21%- incluído)	264.221,65 €
Duración estimada	4 meses
Lugar de execución	Rúas do Castro e Infesta, Pontecesures

## 8.- Financiamento

O investimento previsto cun importe total de 268.317,09 € está subvencionada pola Deputación Provincial a través: do Plan Depo-Remse nun importe de 241.485,38 €; e no marco do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2019 – LIÑA I en 26.831,71 €, correspondendo ás obras, 264.221,65 € e Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde 4.095,44 €.


Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe (sen IVE)	IVE	Total (orzamento base de licitación)
2020	1532.619	218.365,00 €	45.856,65 €	264.221,65 €

## 8.- Xustificación do procedemento de adxudicación

Na medida en que o valor estimado da obra proxectada a contratar ascende a 218.365,00 € (sen IVE), resulta aplicable, para a súa adxudicación, o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Pontecesures,

O Alcalde, Juan Manuel Vidal Seage



*(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)*

